

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CEE
Edificio	Igrexa de Santa Baia de Brens
Dirección	A Grixá, s/n. 15298
	42.950654012414894 -9.172900825565216
Protección	
Descrición	<p>Situada na marxe esquerda da ría de Corcubión, a Igrexa de Santa “Eulalia” de Brens consta dunha capela maior rectangular e un corpo basilical dividido en tres naves, froito dunha ampliación sufrida no ano 1956. A nave central, orixinal, é máis ancha cas laterais. A sancristía está apegada á capela maior polo seu lado norte e comunica directamente coa sancristía. A capela maior cóbrease con bóveda de canón de cantería. Ós pés da igrexa aparece un coro alto ó que se accede por unha escaleira que discorre polo interior da torre. Chama a atención a presenza dun ciborio moderno sobre o cruceiro con forma de torre e rematado por un tellado a catro augas. As naves laterais divídense en tres tramos e cóbrease con bóvedas de formigón recentes. O exterior da capela maior é de perpiaños ben labrados en perfecta estereotomía e cóbrease cun tellado a dúas augas. A fachada principal seguía un esquema pentagonal, hoxe un tanto desvirtuado pola ampliación do templo. A torre de campás está apegada ó muro sur sendo de planta cadrada. Ten dous corpos: o inferior formado por catro arcos de medio punto sobre piares e o superior, coroado cunha lanterna rematada por un pináculo e adornada con outras máis pequenas de estilo barroco.</p> <p>No interior destaca o retablo maior que se divide como é habitual en predela, corpo central e ático. Este retablo vincúlase pola súa decoración cos artistas composteláns Casas e Novoa e Simón Rodríguez. Así, apreciamos elementos decorativos típicos dos mestres citados, como orelleiras, estípites, froitas carnosa, placas... A fornela do pano central do corpo principal está presidida pola imaxe de Santa Eulalia con coroa de prata, palma de martirio e libro. É unha fermosa escultura barroca de excelente talla, con dobras moi delicadas.</p>
Campás	2 cmpás.
Fotos	6
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	BERNAL TORTOSA, Vicente Jesús / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	13-12-2021

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Campá menor (1)</u>	<u>LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1906	65	159
Torre-campanario	<u>Campá maior (2)</u>	<u>LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1906	81	308

Información completa: [Igrexa de Santa Baia de Brens - CEE \(GALICIA\)](#)

PDF (30-05-2026)